

O CONSUMO DE ROUPA SEN FÍOS NA LINGUA QUE POÑO HOXE?

M^a Xosé Castro*

"Non controles a miña forma de vestir..." (Olé Olé)

O feito de vestir non é só unha necesidade básica. Alén de ser a maneira de facer fronte ás inclemencias meteorolóxicas, é unha manifestación cultural, social, de clase ou relixiosa. Acompañando os nosos xestos e miradas, estamos a comunicarnos co noso contorno a través da roupa que levamos posta. As modas marcaron as épocas e os estilos, a pesares de que ás veces sexan cíclicas e o que se levou noutrora pode volver a estar de actualidade nas rúas. Neste artigo afondaremos no xeito en que a procura da nosa elegancia non implique deixar espida unha parte do planeta. Achegámonos ao consumo responsábel de roupa.



María Almazán

Vestir tecidos de comercio xusto e ecolóxicos contribúe a reducir a contaminación e as inxustizas sociais que se dan na industria téxtil.

O REVÉS DO TÉXTEL

A aceleración da sociedade actual, tamén está a afectar á industria da roupa. Modas frugais que duran o que unha tempada, axudándose de potentes campañas de publicidade para crear a necesidade de ter prendas novas cada ano, marcando claramente quen está *in-á moda-* ou pola contra quen queda *off- "fóra de onda"*. Isto é posíbel grazas á roupa de baixo custo, ao alcance da maioría da poboación, e de menor calidade que hai corenta anos, difícil de que dure máis de doce meses en boas condicións. Un dato que pon de manifesto a invariabilidade do prezo da roupa nos últimos anos é que en 1971 o custo medio dun pantalón vaqueiro roldaba as 3.000 pesetas (18 €), mentres que en 2011 é de 19,95 € (3.319 pesetas). En corenta anos só un chisco máis caro, malia que o IPC se incrementou desde os anos setenta¹ nun 1.804,5%. Se o prezo da roupa evolucionara como o fixo o IPC, ese pantalón custaría hoxe 324 euros!

Sen embargo, a elaboración dunha peza de roupa ao longo do seu ciclo produtivo e comercial agocha unhas restras de impactos de carácter medioambiental, social e económico. O feito de que o cultivo de algodón supoña o 2,4% da superficie agrícola cultivada e estea a empregar o 25% dos praguicidas usados en todo o mundo (herbicidas, insecticidas e defoliantes)², ou que sexa o segundo cultivo transxénico no mundo despois da soia, non son impactos medioambientais que se deban desprezar. Sen esquecer que na elaboración das tinturas químicas contaminábase até 8.000 litros de auga por kg de tintura³; ou os milleiros de toneladas de CO₂ emitidos á atmosfera asociados ao transporte das prendas. Detrás dunha simple camisola de algodón hai unha pegada hídrica de 2.700 l de auga⁴. Non hai máis que ver as etiquetas *made in...* para decatarse de que moi pouca roupa se elabora no país.

Impactos sociais como a explotación laboral que sofren milleiros de rapazas novas, de entre catorce e vintecinco anos traballando en condicións ínfimas nas

máquinas; talleres onde se cosen moitas das nosas prendas, con man de obra baixo a presión de curtos prazos de entrega, xornadas laborais fatigosas de até 14 horas, sufrindo intoxicacións, irritacións cutáneas, dores musculares, etc. E hai que engadirlle o roubo aos cidadáns e pobos de moitos países condenados a un empobrecemento a curto e medio prazo. Todo isto para que nos países consumidores poidamos conseguir prezos máis competitivos e se engrosen os beneficios económicos das multinacionais do sector.

BARATO, BARATO! TRES BRAGAS, QUINIENTAS!

Conseguir unha *ganga* non debера ser motivo de alegría. Preguntámonos como é posíbel que esa camiseta poida valer tan poucos euros? Quen paga realmente os custos de produción? A resposta poderían dárnola os agricultores e as traballadoras do téxtil antes mencionadas.

Fagamos a proba. Unha visita por unha das múltiples feiras de Galiza fai-nos descubrir un escaparate de ofertas a cada cal mellor. Todo a 1 euro! É sostíbel este tipo de consumo de roupa onde prima a cantidade e non a calidade?

Nembargante, non todos levamos o mesmo peso de responsabilidade neste problema. Como cidadáns temos o poder de elixir tenda onde mercar, ou non mercar... Pero os grandes motores deste hiperconsumismo de moda son as grandes transnacionais. Parece esperanzador que moitas empresas se estean a acoller a códigos de conduta e a incorporar políticas de responsabilidade social corporativa; pero estas medidas non son suficientes para garantir unha produción ética, xusta e ecolóxica. Habitualmente, ou ben quedan en papel mollado ou ben non se aplican ao longo de toda a cadea.

A SAÚDE É IMPORTANTE

O consumismo de roupa pon en risco a nosa saúde, indirectamente, cando afecta ao medio ambiente, pero tamén directamente, cando botamos ao lombo prendas que conteñen substancias químicas non desexadas, acumuladas durante o proceso de elaboración.

O perigo dos químicos na roupa, así como nos alimentos ou produtos de limpeza e cosmética, non crea alarma social. Os seus efectos son paulatinos ou sinérxicos e é difícil probar a relación directa entre unha doenza e a exposición a determinados químicos. De facto, as alerxias de pel son cada vez máis frecuentes en persoas sensíbeis, descoñecendo o factor real desencadeante. É nas tinturas e acabados das prendas onde se empregan as substancias máis nocivas. Os coñecidos como colorantes azoicos, que ao contacto coa saliva redúcense dando lugar a arilaminas aromáticas, potencialmente cancerixenas⁵, teñen limitado o seu uso e comercialización na UE desde 2002 a través da Directiva 2002/61/CE.

Outras substancias de recoñecido efecto cancerixeno son o níquel ou o cromo. O níquel é a causa máis frecuente de alerxias e o seu límite de risco está fixado en 0,5 microgramos por cm² e por semana en todas as prendas e accesorios que teñan contacto directo coa pel (Directiva 94/27/CE).

Mentres durmimos, o noso corpo tamén está en contacto continuo con prendas (píxama, sabas...). E non só existen riscos relacionados co cancro, os riles e o sistema nervioso vense afectados polo chumbo. Tamén o sistema reprodutivo é sensíbel a determinados químicos como os *ftalatos*.

UN FONDO DE ARMARIO "VERDE"

Para tentar saírnos deste suxo mercado e que o noso armario sexa un chisco máis ecolóxico, podemos pór en marcha algunhas propostas. En primeiro lugar, coidar as prendas á hora de lavalas e secalas. O abuso de deterxentes,



Os mercados que priman a cantidade das prendas sobre a calidade non son sostíbeis.

ademais de encher as augas residuais de fosfatos e outros ingredientes nocivos para o medio ambiente, fai que a roupa quede máis seca e áspera. Deste xeito, é case obrigado usar un suavizante para que a roupa fiquen mol. Empregando a dose xusta e optando por deterxentes ecolóxicos poderemos prescindir do suavizante con toda tranquilidade. O uso da secadora pode ser preciso nalgúns ocasións, pero está demostrado que estraga máis as fibras, sen contar o gasto enerxético que supón. O secado que mellor lle senta á roupa é o tendido ao aire

libre e coa exposición xusta ao sol para preservar as cores.

Un costume, por desgraza en desarraigado, é o de herdar roupa de irmáns e curmáns. Pero non só é unha solución no caso de termos cativos na casa, tamén cando se nos presenta un evento especial como unha voda. Unha boa forma de non ter que visitar as tendas e gastar os cartos sen renunciar a "estrear" novos modelos.

Unha boa oportunidade para conseguir roupa a bo prezo, con historia, *vintage* e mesmo case sen usar son as tendas e mercadiños de segunda man, cada vez máis numerosas nas cidades e vilas. Outra opción, cando nos aburren as prendas habituais, é a de "tunear" a roupa, modificándoa con creatividade (remendos, fíos de cores, botóns, etc.), de tal xeito que lle daremos unha nova vida a esa chaqueta, ás camisetas de algodón, á saia de inverno... e parecerán novas.

Tampouco esqueceremos o costureiro para amañar a roupa que teña un roto

obrablo SL

As laxes
27891 Sargadelos
obrablo@gmail.com
653 896 111
657 620 767
982 557 916

www.obrablo.com




ou un descosido e facer que dure un pouco máis. Desenfundando o dedal e remendando calcetíns ou cosendo botóns perdidos pasaremos unha tarde alternativa de "paliq": Sabes Xan?... A de tempo que hai que non paso polo centro para mercar en Z...

ONDE MERCAR? EXPERIENCIAS CON "GLAMOUR"

Se finalmente imos mercar unha prenda, a mellor idea é mercala en comercios de barrio, talleres artesanais ou acudir ás tendas de comercio xusto ou ecolóxicas, propiamente ditas, en troques de someterse ás cadeas de moda. Será a maneira de favorecer a economía local ou de pequena escala e de mercar calidade.

O sector da roupa ecolóxica non para de medrar e ten moi boas expectativas de futuro. Velaquí algunhas ideas e iniciativas na Galiza:

- María Almazán: tecidos ecolóxicos e de comercio xusto en Gondomar.
- Mandacarú: oferta de camisetas de algodón ecolóxico e de comercio xusto, en Pontevedra.
- Tenda Solidaria: tenda de comercio xusto da ONGD Solidariedade Internacional. Está nas cidades de A Coruña, Ourense e Pontevedra.
- TendaMundos: téxtil e demais produtos de comercio xusto, en Vigo.



Mercar en comercios de barrio, talleres artesanais ou en tendas de comercio xusto ou ecolóxicas contribúe a favorecer a economía local ou de pequena escala.

- Alter-Nativa: roupa ecolóxica, zapatos e complementos para os máis cativos da casa en Cangas.

Outro dos exemplos interesantes do país é a tenda de balde do colectivo Casa do Vento en Compostela, onde se atopa roupa de segunda man sen custo algún. É unha maneira de denunciar o excesivo consumo de roupa na nosa sociedade, un activismo sen ánimo de lucro.

VESTIR "DE ETIQUETA"

A etiquetaxe das prendas axúdanos a identificar se proveñen de comercio xusto ou son ecolóxicas. Porén, non resulta doado discernir entre unha boa certificación doutra que non ofrezca suficientes garantías. Un dos selos de confianza é o *Fair Trade* que certifica condicións de xustiza social na produción. Asemade, a certificadora *GOTS* (Global Organic Textile Standard) garante que se cumpren criterios ecolóxicos e sociais na

produción das fibras. Preguntar sobre a orixe da prenda ao persoal da tenda é quizais a mellor maneira de informarnos sobre as prendas que mercamos.

Notas:

1. Datos do INE (Instituto nacional de estadística)
2. E.J.F. (2007). Environmental Justice Foundation
3. Ecotintes
4. J. Cagiao. Cerna nº 59, pax. 20-21
5. Revista AITEX (Observatorio tecnolóxico textil).

* M^a Xosé Castro é a vogal de consumo responsable en ADEGA.

+ info:

- Setem-Campaña roupa limpa, 2002. "Guía para o consumo responsable de roupa"
- Intermón Oxfam, 2004. "La moda que aprieta"
- Greenpeace. Moda sin tóxicos.

DAIQUÍ
Alimentos Ecolóxicos a domicilio

Coidamos a terra para coidar de ti

www.daiqui.com

AGRICULTURA ECOLÓXICA
www.daiqui.com telf: 985 30 21 71